

Estimado Presidente,

Tal e como acordamos na nosa conversa da pasada semana achégoche o *Estudo de Alternativas propostas para o proxecto "Variante de Alba: PO-531 (San Caetano) – N-550 (Alba)"*.

O traballo que tes nas mans analiza a posibilidade de manter o trazado que propuxo a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade e resolver as principais afeccións que provocaba e que se recollían tanto nas alegacións do Concello de Pontevedra como nas presentadas polas persoas máis directamente afectadas.

Este *Estudo de Alternativas* está recollendo apoios dende que foi presentado ao público, tanto da asociación de Veciños San Bieito de Lérez como de consellos parroquiais tan distintos como o de Alba, unha asemblea veciñal, e o de Lérez, formado este por representantes das asociacións actúantes na parroquia (Asociación cultural Cedofeita, Asociación de veciños San Bieito de Lérez, Asociación cultural Santísimo Cristo del Consuelo, Comunidade de Montes e Asociación Cultural Gaiteiros das Rías Baixas)

Pontevedra precisa unha conexión de calidade entre a estrada de Santiago (N-550) e a de Vilagarcía (PO-531) para mellorar o tráfico perimetral da cidade, como foi deseñado pola mesa M4. Para iso, o modelo de vías utilizado polo Concello de Pontevedra tanto no acceso a Montecelo dende a PO542 ou a Monte-porreiro dende a N-550 como na rúa Josefina Arruti ou no novo acceso aos Campos está a demostrar a súa utilidade para o tráfico e para mellorar a calidade de vida das persoas que viven nas súas beiras.

Con esta proposta a Xunta de Galiza pode redeseñar un proxecto que, alén de non afectar aos núcleos de poboación, tamén mellore a calidade de vida das persoas que os habitan: mellor acceso ás fincas e vivendas; conexión interparroquial entre Lérez, Alba e Campañó; accesibilidade peonil e ciclista; bo alumado; mellora da accesibilidade ao centro de saúde

---


**ALCALDE**

de Lérez ou autonomía e seguranza das nenas e nenos son algúns dos efectos na vida diaria da veciñanza destas parroquias que coido temos a obriga de acadar.

Aínda entendendo que esta é unha actuación que ten que financiar a Xunta de Galiza, non quero rematar sen pór á túa disposición o Concello de Pontevedra para levar a bo porto este proxecto, na liña do que falamos na nosa entrevista.

Fico agardando a túa resposta e recibe un cordial saúdo.

Pontevedra, 7 de xullo de 2021



Miguel Anxo Fernández Lores